

## FICHA DE INSCRICIÓN

### VI CONCURSO 2024

### DECORACIÓN DE NADAL DE ESCAPARATES E LOCAIS COMERCIAIS/ HOSTALEIROS

NOME DO ESTABLECEMENTO:

ENDEREZO:

PERSOA DE CONTACTO:

TELÉFONO:

HORARIO:

O participante no VI concurso de decoración de Nadal de escaparates e locais comerciais, autoriza ao Concello de Meis ao tratamento e difusión das imaxes dos establecementos participantes no concurso.

A participación no concurso de decoración de Nadal de escaparates e locais comerciais, leva implícita a aceptación íntegra das bases reguladoras do concurso, que figuran ao dorso.

SINATURA,



## **BASES REGULADORAS “VI CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DE ESCAPARATES E LOCAIS COMERCIAIS/HOSTALEIROS 2024”**

**OBXECTIVOS:** O Concello de Meis convoca o VI Concurso de Escaparates e Ambientación de Nadal 2024 dirixido aos establecementos COMERCIAIS E HOSTALEIROS da localidade. Esta iniciativa ponse en marcha co obxecto de impulsar as compras nos pequenos comercios e locais de hostalería, para así conseguir unha maior reactivación destes sectores nunhas datas tan sinaladas como é o Nadal. Dende o Concello pensamos neste concurso para animar aos empresarios a emprender actuacións que reclamen a atención dos compradores.

Impulsar o desenvolvemento dos establecementos do concello, promover a creatividade e a profesionalidade dos establecementos, recoñecendo e premiando, no seu caso, os mellores traballos realizados.

**TEMA:** O tema a desenvolver é libre. Poderase empregar calquera técnica ou estilo e a temática deberá estar relacionada coa actividade empresarial que se exerza habitualmente no establecemento, e toda a decoración deberá estar vencellada ao Nadal.

**CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN:** Para participar nesta “VI Edición” haberá que comunicalo antes do 5 de decembro, mediante presentación no Concello desta ficha de inscrición.

A decoración do local ou o escaparate deberá estar finalizada o día 5 de decembro e non poderá variarse ata o día 6 de xaneiro de 2025.

A partires do día 5, persoal do Concello pasará polos establecementos para sacar fotos á decoración do local ou escaparate para subila ao Facebook do Concello, e serán os propios “ amigos” do Facebook, quen, cos seus votos elixirán o gañador do concurso. Este será aquel, cuxa foto obteña mais “ME GUSTA”.

**PREMIOS** Establécense os seguintes premios:

1º Reportaxe en prensa + Diploma

2º Diploma

3º Diploma

**RESULTADO E ENTREGA DE PREMIOS:** O concurso darase por rematado o día 20 de decembro as 12,00h momento no que se verificará a foto con mais “ME GUSTA”.

O resultado comunicarase aos establecementos gañadores, publicándose o mesmo tempo na páxina web do concello [www.meis.gal](http://www.meis.gal) e no Facebook Concello de Meis.

**CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE:** Os participantes do VI Concurso de decoración de Nadal de escaparates e locais comerciais/hostaleiros, autorizan ao Concello de Meis ao tratamento e difusión das imaxes dos establecementos participantes no concurso.

**PROTECCIÓN DE DATOS:** O CONCELLO DE MEIS é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de xestionar o concurso. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimíranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir aseudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE MEIS. Avda. Cambados - O Mosteiro, 67 - 36637 Meis (Pontevedra). Email: [dpo@legalforma.com](mailto:dpo@legalforma.com), así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

